

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIONES TERRITORIAIS

1831 *Real decreto 61/2018, do 9 de febreiro, polo que se crea e regula o Consello Superior do Deporte Militar.*

O Consello Superior de Educación Física e Deportes das Forzas Armadas (Csefdfas), creado pola Orde 601/1979, do 19 de xaneiro, encontra a súa regulación actual na Orde 98/1993, do 11 de outubro, pola que se reorganiza o dito consello. Desde a publicación desta última norma ata hoxe entraron en vigor diversas disposicións que, dunha ou doutra forma, inciden sobre a composición, as relacións ou as actividades do dito consello.

O artigo 83.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, dispón que o Ministerio de Defensa fomentará a educación física e as prácticas deportivas, pois son elementos importantes no mantemento das condicións psicofísicas. Da mesma forma, no artigo 40 das reais ordenanzas para as Forzas Armadas, aprobadas polo Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, establécese que o militar considerará a educación física e as prácticas deportivas como elementos básicos no mantemento das condicións psicofísicas necesarias para o exercicio profesional e que, ademais, favorecen a solidariedade e a integración.

O Real decreto 872/2014, do 10 de outubro, polo que se establece a organización básica das Forzas Armadas, así como o Real decreto 998/2017, do 24 de novembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa e se modifica o Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, modificaron determinados órganos, así como as súas dependencias. Por tal motivo, débese adaptar a estrutura do Csefdfas, establecida na Orde 98/1993, do 11 de outubro.

A necesaria actualización da estrutura e funcións do dito consello, as conclusións extraídas da experiencia adquirida ao longo dos anos de actuación deste e as relacións que mantivo con outros organismos deportivos aconsellan modificar a súa organización e funcións, co obxecto de mellorar a práctica e a promoción da educación física e do deporte nas Forzas Armadas e no corpo da Garda Civil.

Por outra banda, a Orde 98/1993, do 11 de outubro, prevé a representación do corpo da Garda Civil no Consello. Non obstante, a non pertenza deste corpo ás Forzas Armadas aconsella un cambio de denominación, en consonancia co carácter militar das actividades deportivas que regula e sen que estea restrinxido aos exércitos.

De acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, por ser o Consello Superior do Deporte Militar un órgano colexiado interministerial presidido polo subsecretario de Defensa, a norma debe ter rango de real decreto. Esta circunstancia, ademais, unida ao carácter interministerial do Consello, é a razón que xustifica a creación deste novo órgano colexiado mediante real decreto.

Durante a súa tramitación, o proxecto deste real decreto foi sometido a informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2. b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, foi sometido a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e da potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade,

seguridade xurídica, transparencia e eficiencia previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, conforme o artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o real decreto consta incluído no plan anual normativo de 2018.

Neste real decreto, conforme o que establece o artigo 21.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, cando se utilice unha denominación básica dun emprego militar entenderase que comprende as específicas de cada exército.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa e do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de febreiro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Superior do Deporte Militar, en diante CSDM, como órgano colexiado interministerial da Administración xeral do Estado, adscrito á Subsecretaría de Defensa e xerarquicamente dependente do ministro de Defensa, que exercerá as competencias do departamento nos ámbitos da educación física e do deporte. O CSDM adaptará a súa organización, funcións e procedementos ao que se establece neste real decreto.

Artigo 2. *Funcións.*

Son funcións do CSDM:

- a) Dirixir todas as actividades de carácter nacional, internacional ou interexércitos que se desenvolvan en materia de educación física e deportes no seo das Forzas Armadas e do corpo da Garda Civil.
- b) Coordinar e visar os regulamentos das xuntas centrais de Educación Física e Deportes dos exércitos e do corpo da Garda Civil.
- c) Establecer e manter as relacións institucionais necesarias cos organismos e entidades, nacionais e internacionais, competentes en materia de educación física e deportes e designar, se é o caso, as representacións pertinentes ante eles.
- d) Aprobar o programa anual de competicións deportivas militares de carácter nacional, internacional ou interexércitos.
- e) Autorizar a celebración en territorio español de competicións deportivas militares de carácter internacional e a participación de equipos nacionais deportivos militares en competicións internacionais.
- f) Recoñecer a existencia de modalidades deportivas militares e aprobar os seus regulamentos.
- g) Promover e impulsar a investigación científica e técnica sobre as materias relacionadas coa educación física e co deporte.
- h) Asesorar os órganos correspondentes do Ministerio de Defensa sobre as probas físicas periódicas que deberá realizar o persoal das Forzas Armadas ou do corpo da Garda Civil.
- i) Asesorar os órganos directores do ensino militar sobre a definición, a avaliación e o control periódico da aptitude física dos alumnos dos centros docentes militares e dos que aspiren a ingresar neles, así como coordinar e promover as actividades deportivas dos centros docentes militares de formación.
- j) Fomentar a creación de asociacións deportivas e levar a cabo o seu recoñecemento no ámbito da defensa.
- k) Solicitar e administrar os créditos necesarios para o cumprimento das súas funcións, con suxeición á Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e ás

normas concordantes en materia de disposición de gasto, así como á lexislación de contratos do sector público.

l) Impulsar a organización, a construción, a mellora e o funcionamento de instalacións deportivas militares, elaborando propostas concretas en colaboración coas xuntas centrais; asesorar sobre estes asuntos os órganos correspondentes do Ministerio de Defensa e actualizar permanentemente o censo das ditas instalacións, para o cal contará coa colaboración dos organismos pertinentes.

m) Procurar os medios necesarios para a preparación técnica e o apoio científico e médico dos deportistas militares de alto nivel, e a súa plena integración profesional.

n) Proporlle ao presidente do Consello a concesión das distincións, condecoracións e premios deportivos militares.

Artigo 3. *Órganos reitores.*

Son órganos reitores do CSDM:

- a) Unipersonais: o presidente, o vicepresidente e o secretario xeral.
- b) Colexiados: o Pleno e a Comisión Permanente.

Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, os órganos que nel se regulan axustarán o seu funcionamento á normativa vixente, relativa aos órganos colexiados.

Artigo 4. *Do presidente do Consello.*

1. Será presidente do CSDM o subsecretario de Defensa.
2. Correspóndelle ao presidente do CSDM:

- a) Exercer a representación do Consello.
- b) Exercer a alta dirección do Consello, conforme as directrices que, se é o caso, estableza o ministro de Defensa.
- c) Acordar a convocatoria do Pleno do Consello en sesión ordinaria ou extraordinaria e fixar a orde do día.
- d) Presidir as sesións do Pleno do Consello e visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- e) Conceder as distincións, condecoracións e premios deportivos militares do Consello.
- f) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do Consello, lle delegue o ministro de Defensa ou deriven do establecido neste real decreto.

Artigo 5. *Do vicepresidente do Consello.*

1. Será vicepresidente do CSDM o director xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa.
2. Correspóndelle ao vicepresidente do CSDM:
 - a) Substituír o presidente en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.
 - b) Presidir a Comisión Permanente.
 - c) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de vicepresidente, deriven do establecido neste real decreto ou lle delegue ou ordene o presidente.

Artigo 6. *Do secretario xeral do Consello.*

1. O secretario xeral do CSDM actuará como tal no Pleno e na Comisión Permanente, ademais de como membro do Consello.
2. Será un oficial co emprego de coronel ou tenente coronel, pertencente a calquera exército, ou ao corpo da Garda Civil, nomeado polo ministro de Defensa, por proposta do

presidente do Consello e destinado, como xefe de área, na Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa.

3. Correspóndelle ao secretario xeral do CSDM:

- a) Preparar as reunións do Pleno e da Comisión Permanente do Consello e convocalas por indicación dos seus respectivos presidentes.
- b) Levantar a acta das sesións do Pleno e da Comisión Permanente do Consello e dar fe dos seus acordos, co visto e prace dos seus respectivos presidentes.
- c) Custodiar a documentación e os arquivos do Consello.
- d) Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados ou os seus representantes.
- e) Organizar os actos solemnes cuxa celebración acorde o Consello. Supervisar, por delegación expresa do presidente, a organización e o protocolo dos actos que acompañen acontecementos deportivos aprobados polo Consello.
- f) Xestionar, coordinar e controlar os recursos persoais e materiais do Consello e, en particular, ordenar o seu réxime administrativo, preparar o proxecto de orzamento do Consello e formular e manter o inventario do Consello.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario, deriven do establecido neste real decreto ou lle delegue ou ordene o presidente ou o vicepresidente.

Artigo 7. *Composición do Pleno do Consello.*

1. O Pleno do CSDM estará composto polo presidente, vicepresidente, secretario xeral e vogais.
2. Serán vogais do Pleno:
 - a) Os presidentes das xuntas centrais de Educación Física e Deportes dos exércitos e do corpo da Garda Civil.
 - b) O subdirector xeral de Persoal Militar da Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.
 - c) O subdirector xeral de Ensino Militar da Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa.
 - d) O xefe da Delegación Española no Consello Internacional do Deporte Militar, en diante CISM.
 - e) Os secretarios das xuntas centrais de Educación Física e Deportes dos exércitos e do corpo da Garda Civil.
 - f) Un oficial do corpo Xurídico-Militar, con destino na Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.
 - g) Un oficial do corpo militar de Intervención, con destino na Intervención Delegada da Subsecretaría de Defensa.
 - h) Un oficial do corpo militar de Sanidade (Medicina) designado polo inspector xeral de Sanidade.
 - i) Un representante da Dirección Xeral de Persoal designado polo subsecretario de Defensa.

Artigo 8. *Funcionamento do Pleno do Consello.*

1. O Pleno do Consello Superior do Deporte Militar reunirse en sesión ordinaria ao longo do primeiro trimestre de cada ano.
2. O Pleno tamén se poderá reunir en sesión extraordinaria, por iniciativa do presidente ou por petición da Comisión Permanente.
3. As reunións do Pleno serán convocadas polo secretario xeral, por indicación do presidente ou do vicepresidente.
4. O presidente do Pleno poderá autorizar a asistencia ás sesións do Pleno de expertos cuxo asesoramento se considere oportuno, en relación cos asuntos que se vaian

tratar segundo a orde do día correspondente. Estes expertos poderán intervir, sen voto, na sesión respecto do asunto sobre o cal asesoren.

5. No caso de ausencia do secretario xeral, o presidente poderá designar como secretario do Pleno a persoa que considere máis idónea, entre o persoal destinado na Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar.

6. O funcionamento do CSDM será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar.

Artigo 9. *Funcións do Pleno do Consello.*

Correspóndelle ao Pleno o exercicio das competencias necesarias para o desenvolvemento das funcións que o artigo 2 lle atribúe ao CSDM, sen prexuízo das atribuídas á súa Comisión Permanente no artigo 10.

Artigo 10. *Composición e competencias da Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente do CSDM estará integrada por:

- a) Presidente: o director xeral de Recrutamento e Ensino Militar do Ministerio de Defensa, vicepresidente do CSDM.
- b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Ensino Militar do Ministerio de Defensa, vogal do CSDM.
- c) Secretario: o secretario xeral do CSDM.

2. Correspóndelle á Comisión Permanente:

- a) Garantir a dirección, o desenvolvemento e a continuidade de acción do departamento no ámbito da educación física e do deporte, cumprindo os acordos do Pleno do Consello e efectuando as propostas para este fin.
- b) Desenvolver os labores específicos asignados polo presidente do Consello.
- c) Nomear os grupos de traballo necesarios para o desenvolvemento das funcións do Pleno ou da Comisión Permanente.
- d) Aprobar os estatutos dos clubs e asociacións deportivas militares que se creen no seu ámbito de actuación.
- e) Propor, para aprobación anual do Pleno, o proxecto de asignación de créditos do Consello.
- f) Aprobar, con carácter previo e sen prexuízo da súa posterior rendición ante o Pleno, as contas do Consello.
- g) Elaborar propostas relativas á obtención, polos membros das Forzas Armadas e do corpo da Garda Civil, de titulacións relacionadas coa educación física e co deporte.
- h) Determinar a composición dos equipos militares nacionais que participen nas competicións internacionais aprobadas polo Pleno.
- i) Constituírse en órgano de traballo para dar continuidade ás actividades do Consello no período entre sesións, despachando os asuntos ordinarios e aqueles que, pola súa natureza ou urxencia, non poidan ser tratados en sesión plenaria.
- j) Desenvolver os labores que lle asigne o presidente ou o vicepresidente do Pleno para garantir a dirección, o desenvolvemento e a continuidade da acción do departamento no ámbito da educación física e do deporte.

Artigo 11. *Da Secretaría Xeral do Consello.*

1. A Secretaría Xeral é o órgano auxiliar do CSDM ao cal presta asistencia técnico-administrativa. Estará a cargo do secretario xeral do Consello.

2. A Secretaría Xeral contará co persoal necesario para o cumprimento das súas funcións, encadrado na unidade cuxa xefatura exercerá o secretario xeral do Consello.

3. Correspóndelle á Secretaría Xeral:
- Elaborar os proxectos de disposicións e instrucións relativas ao ámbito de competencias do Consello.
 - Exercer a coordinación entre as xuntas centrais de Educación Física e Deportes dos exércitos e do corpo da Garda Civil e os órganos do Consello.
 - Coordinar as relacións do Consello con outras organizacións ou institucións, nacionais ou estranxeiras, e colaborar coas representacións do Consello ante estas, prestándolles a asistencia administrativa necesaria.
 - Tramitar e emitir informe sobre a resolución dos asuntos que son competencia do Consello.
 - Preparar o proxecto anual de asignación de créditos do Consello e os correspondentes aos programas de competición e as propostas das xuntas centrais de Educación Física e Deportes.
 - Exercer as tarefas administrativas dos créditos asignados ao Consello e executar as resolucións económicas adoptadas polo Pleno ou ordenadas polo presidente.
 - As derivadas do artigo 2, letras h) e i), que lle sexan encomendadas polo Pleno ou pola Comisión Permanente.

Artigo 12. Da Delegación Española ante o Consello Internacional do Deporte Militar (CISM).

A Delegación Española ante o CISM dependerá directamente do CSDM. A dita delegación estará presidida por un coronel ou tenente coronel, pertencente a calquera exército ou ao corpo da Garda Civil, designado polo subsecretario de Defensa, por proposta do director xeral de Recrutamento e Ensino Militar.

Tamén poderá designar vogais, de acordo cos estatutos do CISM, o Pleno e por proposta da Comisión Permanente, que deberán ser oficiais de calquera exército ou da Garda Civil.

Artigo 13. Das xuntas centrais de Educación Física e Deportes.

1. As xuntas centrais de Educación Física e Deportes, como órganos adscritos ás direccións de Ensino dos mandos de Persoal do Exército do Aire e da Armada, ao Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra e á Xefatura de Ensino do Mando de Persoal e Formación da Garda Civil, exercen as competencias da educación física e do deporte no seu ámbito de responsabilidade, conforme o disposto neste real decreto, as directrices do CSDM e as súas respectivas normativas e directrices internas.

2. A Subdirección Xeral de Persoal Militar da Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, en coordinación coa Comisión Permanente, desempeñará as funcións atribuídas ás xuntas centrais, en canto concirna ao persoal militar dos corpos comúns das Forzas Armadas, destinados no órgano central e en centros ou organismos dependentes.

3. As xuntas centrais de Educación Física e Deportes estarán compostas por un presidente, un vicepresidente, un secretario e polos vogais que regulamentariamente se determinen.

4. Serán presidentes das xuntas centrais de Educación Física e Deportes os xefes dos mandos de Persoal do Exército do Aire e da Armada, o xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra e o xefe da Xefatura de Ensino da Garda Civil; vicepresidentes, os respectivos directores de Ensino e, no ámbito da Garda Civil, quen designe o seu presidente; e secretarios, os oficiais designados polos presidentes.

5. Na Garda Real e na Unidade Militar de Emerxencias, os labores das xuntas centrais de Educación Física e Deportes aplicables ao seu ámbito de competencia serán asumidos por unha oficina delegada de Educación Física e Deportes, ao mando dun oficial.

6. Son funcións das xuntas centrais de Educación Física e Deportes:
- a) Nos seus respectivos ámbitos de responsabilidade, garantir a dirección, o desenvolvemento e a continuidade de acción do departamento no ámbito da educación física e do deporte, cumprindo os acordos do Pleno do Consello.
 - b) Regular a constitución, se é o caso, das xuntas delegadas de Educación Física e Deportes correspondentes a cada subinspección, departamento, mando ou zona; coordinar os seus regulamentos e comprobar a adecuada aplicación destas aos fins para os cales fosen concibidas.
 - c) Asesorar os órganos competentes sobre a definición, o establecemento, a avaliación e o control periódico da aptitude física do persoal militar, mediante as correspondentes propostas.
 - d) Elaborar propostas para o desenvolvemento dos plans de instrución e adestramento, no que se refire á adquisición, ao mantemento e á mellora da formación física do persoal militar.
 - e) Aprobar o programa anual de competicións deportivas que se vai celebrar no seu respectivo ámbito de responsabilidade e os orzamentos correspondentes.
 - f) Por delegación do Consello, organizar as competicións deportivas militares, nacionais ou internacionais aprobadas e asignadas a cada xunta en sesión plenaria.
 - g) Por delegación do Consello, apoiar os equipos nacionais militares que lles fosen asignados en sesión plenaria.
 - h) Proporlle á Comisión Permanente a composición dos equipos nacionais militares que participen nas competicións internacionais aprobadas polo Pleno.
 - i) Supervisar o desenvolvemento dos programas de instrución físico-militar do persoal militar profesional nas diversas unidades, centros ou organismos.
 - j) Asesorar os órganos competentes sobre as instalacións deportivas militares e manter actualizada a relación de instalacións deportivas do seu exército ou corpo.
 - k) Solicitar e administrar os créditos necesarios para o cumprimento das súas funcións, con suxeición á Lei xeral orzamentaria e ás normas concordantes en materia de disposición de gasto, así como á Lei de contratos do sector público e ás restantes normas en materia de contratación pública.
 - l) No seu ámbito de responsabilidade, fomentar e propor a creación de asociacións deportivas militares.

Artigo 14. Titulacións e requisitos profesionais de determinados membros do CSDM.

O secretario xeral do CSDM, o xefe da Delegación Española no CISM, os secretarios das xuntas centrais de Educación Física e Deportes dos exércitos e Garda Civil e os xefes das oficinas delegadas de Educación Física e Deportes da Garda Real e Unidade Militar de Emerxencias deberán acreditar, para o seu nomeamento, as titulacións e os requisitos profesionais que determine o presidente do CSDM.

Disposición adicional primeira. Cambios de denominación.

Cando entre en vigor este real decreto, efectuaranse os oportunos cambios de denominación nos organismos afectados.

Disposición adicional segunda. Dependencia orzamentaria.

Para os efectos de asignación, concesión de gasto e de recursos que periodicamente se asignen ou deriven, o Consello dependerá orzamentariamente da Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas a Orde 98/1993, do 11 de outubro, pola que se reorganiza o Consello Superior de Educación Física e Deportes das Forzas Armadas, e cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación.*

Autorízanse o subsecretario de Defensa, os xefes de Estado Maior dos exércitos e o director xeral da Garda Civil para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas instrucións e resolucións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de febreiro de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN